

PROCEDEMENTO: SELECCIÓN DE DEZ PROXECTOS MUSICAIS PARA A CONTRATACIÓN DE DEZ *SHOWCASES* NO MARCO DO FOCUS GALICIA 2023

Asunto: Modificación resolución

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

Primeiro.- Con data 20 de xullo publicouse a convocatoria da Axencia Galega das Industrias Culturais para a selección de dez proxectos musicais para a contratación doutros tantos *showcases* no marco do programa Focus Galicia, que terá lugar do 22 ao 24 de outubro, que na súa base 10ª determina que a Axencia Galega das Industrias Culturais aboará un importe de 150 € máis o IVE por cada intérprete da formación musical seleccionada.

Segundo.- Ao abeiro desta convocatoria Culturactiva, Soc. Cooperativa Galega, con NIF F15983067 remitiu unha solicitude para o proxecto XURXO FERNANDES-LEVAINO!, sinalando no anexo II da súa solicitude que a formación musical estaba formado por 9 integrantes, sendo un deles un suplente.

Terceiro.- Con data 15 de setembro de 2023 o director da Axencia Galega das Industrias Culturais ditou resolución pola que se declaran os proxectos seleccionados para participar no Focus Galicia, en virtude do disposto no punto 9 das bases reguladoras do procedemento de selección, resultando Culturactiva, Soc. Cooperativa Galega seleccionada co proxecto XURXO FERNANDEZ-LEVAINO!. Dita resolución foi publicada na páxina web da Axencia Galega das Industrias Culturais en data 19 de setembro de 2023 e corrixida pola Resolución do 22 de setembro de 2023.

Cuarto.- Con data 9 de outubro Culturactiva, Soc. Cooperativa Galega remite a documentación esixida para a tramitación do correspondente contrato. Nesta documentación conséntase que a formación musical do proxecto XURXO FERNANDEZ-LEVAINO! está constituída por 8 compoñentes.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que as Administracións Públicas poderán, así



mesmo, rectificar en calquera momento de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Segundo.- A rectificación que se pretende levar a cabo pola presente obedece a erros que non poden ser fonte de dereito, xa que son claros e evidentes, non requiren operacións de cualificación xurídica ou xuízos valorativos, configurándose como simple erros materiais por tratarse de simples equivocacións.

Terceiro.- Tras o estudo da documentación remitida pola entidade Culturactiva, Soc. Cooperativa Galega, con NIF F15983067 para o proxecto XURXO FERNANDEZ-LEVAINO!, seleccionado para un *showcase* no marco de Focus Galicia, detectouse un erro de interpretación na contabilización dos compoñentes da formación musical expresada na solicitude.

Por todo o que antecede

RESOLVO

Modificar o Anexo V da Resolución de selección de dez proxectos musicais para a contratación de dez *showcases* no marco do Focus Galicia 2023 que queda redactado como segue:

Anexo V. Entidades seleccionadas e importes (IVE excluído).

Nº DE EXPEDIENTE	ENTIDADE	NIF	NOME DO PROXECTO	PUNTUACIÓN TOTAL	Nº INTEGRANTES	IMPORTE (IVE EXCLUÍDO)
11	URDIME SOC COOPERATIVA GALEGA	***3539**	CATUXA SALOM	30,00	3	450,00 €
23	LOSPREGOS SOCIEDAD LIMITADA	***3260**	BUDIÑO	28,00	5	750,00 €
34	CULTURACTIVA SOC.	***9830**	MERCEDES PEÓN – INGRÁVIDA	28,00	8	1.200,00 €



	COOPERATIVA GALEGA					
32	CULTURACTIVA SOC. COOPERATIVA GALEGA	***9830**	XURXO FERNÁNDEZ – LEIVANO	26,00	8	1.200,00 €
33	PLAY PLAN CULTURAL SL	***1687**	GARCÍA MC & NACIÓN QUILOMBO	26,00	5	750,00 €
37	NAVE DE LATA SOC COOP GALEGA	***9289**	ABRHAM CUPEIRO – MYTHOS	26,00	3	450,00 €
6	TOME MOURIÑO COVELO	***9514**	DE NINGHURES	24,00	7	1050,00 €
1	ZELTIA ACUÑA BARROS	***1424**	ZELTIA IREVIRE	23,00	3	450,00 €
27	MARIO GARCÍA CORTIZO	***0112**	SÓ UN SOLO	21,00	2	300,00 €
48	SAMUDRA TRIO ESPJ	***8757**	SAMUDRA TRIO	21,00	3	450,00 €

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

Jacobo Sutil Nesta
Director da Axencia Galega das Industrias Culturais

